



## O AUXE DOS TOTALITARISMOS



*Hitler e Mussolini (fotógrafo descoñecido- PDM 1.0)*



# ÍNDICE

---

## O AUXE DOS TOTALITARISMOS

1. A CRISE DAS DEMOCRACIAS.....	1
<i>Exercicios</i> .....	2
2. O MUNDO SOVIÉTICO.....	3
<i>Exercicios</i> .....	4
3. O FASCISMO ITALIANO.....	5
<i>Exercicios</i> .....	7
4. A ALEMAÑA NAZI.....	8
<i>Exercicios</i> .....	10
SOLUCIÓNS.....	11

## 1. A CRISE DAS DEMOCRACIAS

---

Despois da I Guerra Mundial, coa desaparición dos imperios autoritarios, tivo lugar nun número significativo de países de Europa a implantación de sistemas políticos democráticos. Porén, a inexistencia dunha cultura democrática nestes Estados provocou que, practicamente dende o seu nacemento, tivesen problemas para facer fronte ás dificultades do período de Entreguerras. Esta situación irá dando lugar ao incremento do número de ditaduras e á aparición de sistemas políticos totalitarios que pretendían controlar dende o Estado todos os aspectos da vida das persoas. A este proceso denominámolo crise das democracias.

Entre as causas desta situación hai que destacar as seguintes cuestións:

- **A situación económica da posguerra.** Existe unha correlación directa entre a crise das democracias e os períodos de crise económica. Así, podemos observar dúas vagas principais, a primeira coincidindo coa crise de posguerra e a segunda a partir do crac de 1929. Nestes momentos, en numerosos países, os gobernos democráticos van ser percibidos como incapaces para proporcionar solucións á crise, o que favorecerá o ascenso de réximes antidemocráticos.
- **O exemplo revolucionario soviético.** A Revolución Rusa provocou unha polarización da sociedade no período de Entreguerras entre os seus partidarios e os seus contrarios. Por un lado, as masas de obreiros vían no modelo soviético o único con capacidade para solucionar os seus problemas e mellorar as súas miserables condicións de vida. Por outro, as clases dominantes, temerosas de perder os seus privilexios, pasarán a desconfiar cada vez máis da capacidade dos sistemas democráticos para defender os seus intereses, ao consideralos febles e ineficaces. Esta situación acabou por dar lugar a un incremento da conflitividade social onde o recurso á violencia foi un mecanismo cada vez máis habitual para impoñer as ideas.
- **O militarismo.** Despois da Gran Guerra os militares adquiriron un gran protagonismo na vida política. O exército é percibido como a institución defensora da nación no seu conxunto. Ademais, con moita frecuencia, van ser o recurso das clases privilexiadas para reprimir as protestas sociais. Os seus partidarios pretenden que o Estado se organice a imaxe e semellanza do exército, dunha maneira antidemocrática, xerarquizada e disciplinada. Neste contexto, as masas de antigos combatentes retornados á vida civil tiveron un papel moi destacado, xa que moitos acabaron engrosando as filas dos partidos antidemocráticos e servindo como forza de choque destes.
- **O nacionalismo.** A concepción irracional da nación, onde os intereses da patria están por riba dos intereses dos cidadáns, vai ter moitos adeptos tras a I Guerra Mundial. A esta situación debemos engadirlle a problemática xurdida a raíz dos



acordos de paz, coas reivindicacións territoriais derivadas da delimitación das novas fronteiras e as minorías étnicas espalladas por distintos Estados.

En xeral, os sistemas democráticos van ser substituídos por réximes políticos contrarios á democracia parlamentaria. Porén, dentro destas correntes antidemocráticas é necesario diferenciar entre os réximes autoritarios clásicos e os sistemas totalitarios que xorden neste momento histórico.

**Os sistemas autoritarios** xa viñan existindo en Europa dende o século anterior. As súas características principais son a negación da participación política da gran maioría da poboación e o funcionamento do Estado con base nos intereses das elites económicas. Ademais, farán unha defensa da orde e dos valores tradicionais, onde a relixión terá reservado un papel moi destacado.

**Os sistemas totalitarios.** Aparecen por primeira vez neste período histórico e a súa principal característica é que o Estado aspira a controlar a "totalidade" dos aspectos da vida das persoas. Estes réximes poden ser de esquerdas, como o modelo soviético, ou de dereitas, como o fascismo italiano e o nacionalsocialismo alemán. Os sistemas totalitarios teñen unha serie de elementos en común que os igualan, como é o sometemento do individuo ao Estado, o culto a un líder ao cal se considera infalible, a existencia dun partido único onde encadran a poboación, a dura represión dos que pensan distinto e o control da economía por parte do Estado.

## EXERCICIOS

---

### Exercicio 1

Cal foi a causa da extensión dos sistemas democráticos por Europa despois da I Guerra Mundial?

- a) As crises económicas.
- b) A Revolución Rusa.
- c) A desaparición dos réximes autoritarios.
- d) O nacionalismo exacerbado.

### Exercicio 2

Nomea cales son os elementos que teñen en común os réximes totalitarios que xorden no período de Entreguerras.

## 2. O MUNDO SOVIÉTICO

Tras a morte de Lenin no ano 1924 tivo lugar dentro do partido comunista ruso unha cruenta loita para sucedelo. O vencedor foi Iosif Stalin, que acabou gobernando a Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas (URSS) entre 1924 e 1956. Stalin será o encargado de construír o Estado soviético e convertelo nun réxime totalitario. Este terá un gran protagonismo ao longo do século XX, converténdose despois da II Guerra Mundial nunha superpotencia ata acabar colapsando no ano 1989.

Contrariamente á idea clásica do marxismo de estender a revolución a nivel internacional, Stalin defendía a construción do socialismo nun só país. Para levar a cabo os seus plans, creará un modelo de goberno persoal e totalitario denominado *Stalinismo*. Neste modelo, o Estado pasará a controlar absolutamente todo e será o encargado de garantirlles a vivenda, o traballo, a educación e a sanidade aos seus cidadáns.

As características básicas do sistema son as seguintes:

- **Economía planificada.** Era a base do sistema stalinista en materia económica. Baseándose nesta planificación, o Estado establecía os obxectivos de produción de cinco en cinco anos, o que se denominou *plans quinquenais*.
- **A colectivización da terra.** O sistema stalinista buscaba erradicar a propiedade privada dos medios de produción. Para iso levou a cabo expropiacións masivas de terras. A produción agrícola pasou a organizarse seguindo un dobre modelo. Por un lado, as granxas estatais con traballadores asalariados (*sovhoz*) e, por outro, as grandes cooperativas agrícolas (*kolhoz*).



Stalin en uniforme fronte á bandeira vermella (autor descoñecido-PDM 1.0)



- **Desenvolvemento da industria.** O modelo soviético baseaba o seu desenvolvemento industrial na industria pesada e de armamento. A pesar dos desequilibrios existentes entre a industria pesada e a industria de bens de consumo, o modelo tivo certo éxito e conseguiu converter a Unión Soviética nunha das principais potencias industriais do mundo.
- **Culto á personalidade.** A propaganda enzalza a figura de Stalin, considerándoo como benfeitor e protector do pobo e garante dos logros revolucionarios.
- **A represión dos disidentes.** A través das purgas e do terror, perseguíranse todos os que pensen distinto ou intenten opoñerse á vontade do líder. Para iso recorrerase á policía política, que levará a cabo detencións masivas, e aos xuízos amañados, que garantían a culpabilidade dos acusados e resultaban en deportacións masivas a Siberia ou na pena morte.
- **Control da cultura.** A cultura é considerada un elemento clave dentro da propaganda stalinista. Esta debe poñerse baixo o control do partido. A creación artística deixa de ser libre e potenciarase o denominado *realismo socialista*, que pretende enzalzar os valores considerados positivos polo sistema stalinista.

## EXERCICIOS

---

### Exercicio 3

Di se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas. En caso de seren falsas, debes corrixilas.

- a) Stalin defendía a extensión da revolución polo mundo.
- b) O Estado establecía os obxectivos de produción de cinco en cinco anos.
- c) A cultura carece de importancia dentro do modelo stalinista.
- d) A industria centraba a súa produción nos bens de consumo.

### Exercicio 4

Explica brevemente en que consistía o culto á personalidade dentro do sistema stalinista.

### 3. O FASCISMO ITALIANO

O fascismo italiano está directamente vinculado á figura de Mussolini. Este chegará ao poder no ano 1922 e establecerá un sistema totalitario que se manterá ata o ano 1943.

A chegada ao poder de Mussolini está vinculada á situación de crise política, económica e social que padece Italia na posguerra.

A pesar de que Italia participou na I Guerra Mundial no bando ganador, ao final do conflito, Italia atopábase sumida nunha profunda crise económica e social. Ao sentimento de humillación ante o feito de que os tratados de paz non recoñecesen as súas demandas territoriais, hai que engadirlle un incremento tanto dos prezos como do desemprego, o que desencadeou continuas folgas e enfrontamentos. Neste contexto, a crise da democracia italiana faise evidente e as elites económicas deixarán de confiar no sistema democrático para apoiar o partido fascista, nun intento de frear as reivindicacións obreiras e manter os seus privilexios.



*Mussolini en Milán 1930 (Mussolini i Milano 1930- Das Bundesarchiv- CC BY- SA 4.0)*

En 1922, tras a Marcha sobre Roma, na que Mussolini mobiliza ós seus partidarios para intentar tomar o poder pola forza, o rei Víctor Manuel III decide nomear a Mussolini como xefe de goberno. A partir deste momento, o líder do partido fascista comezará a construír, a través tanto do recurso á violencia como de disposicións legais, un réxime totalitario onde todas as institucións do Estado estarán baixo o seu control. Para isto ilegaliza os partidos políticos, salvo o fascista, e os sindicatos, censura os medios de comunicación e depura o exército e a Administración de opositores.

A ideoloxía que sustenta o réxime defende un modelo onde o Estado, identificado co líder do partido fascista, controle o conxunto da sociedade. Isto é o que o converte nun sistema totalitario.

- **O líder considérase todopoderoso e infalible** e non ten que renderlle contas a ninguén.
- **Nacionalismo irracional.** Os intereses do Estado antepóñense aos dos individuos. O obxectivo principal é conseguir a grandeza da nación. Os intereses da nación son identificados coa vontade do líder. A reivindicación dos territorios onde se atopan minorías étnicas de orixe italiano.
- **Supremacía das elites.** Non todos os individuos son iguais. A sociedade debe organizarse xerarquicamente entre os superiores que mandan e os inferiores que obedecen. Esta diferenza tamén é aplicable á diferenza entre os homes e as mulleres. Con base nisto, as liberdades individuais serán suprimidas para as clases populares e toda mostra de oposición é fortemente reprimida a través da violencia.
- **Partido único.** O conxunto da poboación aparece encadrado dentro do partido fascista. Todos os demais son ilegalizados. Igualación entre o partido e o Estado. Os mandos do partido son os mesmos que os do Estado.
- **A propaganda** encárgase de enxalzar a figura do líder. Esta será canalizada a través do control dos medios de comunicación e do sistema educativo.
- **Exaltación da violencia.** Non se busca convencer, búscase impoñer pola forza a vontade propia. Considérase a violencia como un mecanismo adecuado para a resolución dos conflitos.
- **Defensa da autarquía económica.** O estado debe intervenir na economía favorecendo os intereses dos empresarios amigos do réxime. O obxectivo fundamental é producir por si mesmo todo o necesario sen necesidade de mercar nada no estranxeiro, conseguindo así a autosuficiencia económica.
- **Expansionismo violento.** A idea de desigualdade entre os individuos tamén é aplicable aos países. Deféndese a necesidade de construír un imperio colonial que sirva para satisfacer as necesidades do Estado italiano. Este imperio conseguirase a través da guerra, considerada como unha fonte de virtudes. Así, contrariando os mandatos da Sociedade de Nacións, Italia conquistará Libia e Abisinia.

O réxime fascista italiano servirá de referente para a creación noutros territorios de réximes de características similares. O máis importante será a Alemaña nazi, coa que irá establecendo alianzas cada vez máis fortes. Xuntos apoiarán os militares golpistas na Guerra Civil española (1936-1939). En 1939 asinarán un tratado de apoio mutuo denominado o Pacto de Aceiro. A este pacto unirase un pouco máis tarde Xapón formando o Eixo.



*Mussolini morto na praza de Loreto, Milán (Mussolini e Petacci 1945-Vizenzo Carrese- Public Domain, undefined)*



A Italia fascista tomará parte na II Guerra Mundial do lado dos seus aliados do Eixo. Precisamente será a derrota na guerra a que porá fin ao réxime fascista e o propio Mussolini acabará sendo axustizado polos partisanos comunistas en 1945.

## EXERCICIOS

---

### Exercicio 5

Di se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas. En caso de seren falsas, debes corrixilas.

- Na Italia fascista, os intereses do Estado antepóñense aos dos individuos
- Todos os cidadáns son iguais
- Buscaba construír un imperio colonial a través da guerra
- A oposición é considerada enriquecedora

### Exercicio 6

Explica brevemente cal é o modelo económico que defende o fascismo italiano.

## 4. A ALEMAÑA NAZI

Igual que acontecía co fascismo italiano, é imposible separar a Alemaña nazi da figura do seu líder, Adolf Hitler.

Hitler chegará ao poder no anos 1933, nunha Alemaña profundamente afectada pola crise económica que seguiu ao crac de 1929 e que afectou especialmente este territorio. Unha vez no poder, encargárase de crear un modelo de Estado totalitario baseado nos principios que el mesmo recollera no seu libro *Mein Kampf*, escrito na cadea, despois de ser detido por un intento de golpe de Estado, o *putsch de Múnic*, no ano 1924.

As ideas principais conteñen elementos inspirados no modelo do fascismo italiano, como pode ser a existencia dun líder indiscutible, a primacía do estado fronte ao individuo, a exaltación da violencia, a procura da autarquía económica ou a creación dun partido único. Porén, a ideoloxía nazi tamén ten unha serie de aspectos singulares de gran transcendencia.



*Hitler arengando ás tropas (Hitler inspiser tropper- Ukjent/Hulton Archive- PDM.1.0)*

- **Racismo.** Hitler defende que os seres humanos deben ser encadrados en función da súa orixe racial. Na súa ideoloxía hai razas superiores e razas inferiores. Os alemáns aparecen encadrados dentro da raza aria, que é considerada a raza superior. Esta raza está destinada a impoñerse a todas as demais. Dentro das súas teorías, a mestura das razas está detrás da decadencia da humanidade, por iso é imprescindible manter a pureza racial. Defende eliminar todos aqueles que non sexan, no seu criterio, puros dende a perspectiva da raza, inclúe aquí os discapacitados ou os homosexuais.
- **Antisemitismo.** Dentro das súas ideas racistas, considera a raza xudía como a máis decadente das razas humanas. Cara a eles dirixirá a maior parte do seu odio. Dende o principio porá en marcha medidas contra a poboación xudía. Estas medidas irán endurecéndose co paso do tempo, ata propoñer a "solución final" que procuraba o seu exterminio completo.

- **Teoría do espazo vital.** O nazismo procurará aglutinar nun único Estado toda a poboación de orixe alemá. Ademais, con base nas súas ideas racistas, defenden o seu dereito, como raza superior, a conquistar e empregar no seu proveito os recursos que se atopen nos territorios das razas inferiores. No caso alemán, o seu espazo vital estará no leste de Europa e será a costa dos pobos eslavos, os que considera "*infrahomes*".

Aínda que resulte estraño, a chegada de Hitler ao poder fíxose por medios legais. Ben que é certo que no ano 1924 intentara tomar o poder pola forza, no denominado *putsch de Múnic*, no ano 1933 foi o seu éxito electoral o que propiciou que Hitler fora nomeado chanceler. Isto foi debido, entre outras cuestións, aos efectos da crise económica que veu asociada a unha forte crise política e social e ao temor da expansión do comunismo.

Unha vez no poder, Hitler manobrará para converter o seu goberno nunha ditadura. Isto será posible grazas á convocatoria de eleccións controladas por el e da violencia política contra a oposición durante a campaña electoral. Ademais, o elemento final será a queima do Parlamento alemán (Reichstag), do cal acusarán os comunistas. Este feito será o que lle permita poñer o broche final aos seus plans, suprimindo as garantías constitucionais, prohibindo primeiro e disolvendo despois os partidos políticos opositores e a prensa libre.



Caricatura de Hitler (Al Tarter- Welcome collection-CC BY 4.0)

Como complemento, na denominada Noite dos coitelos longos, levará a cabo unha serie de asasinatos selectivos dos membros do partido nazi que podían facerlle sombra.

O nacemento do Terceiro Reich chegará coa concentración nas mans de Hitler de todos os poderes do Estado. Este será un réxime totalitario baixo un completo control policial, onde a oposición será inexistente e a totalidade da poboación será encadrada nas distintas organizacións nazis.

A partir deste momento porase en marcha o seu programa de recuperación do país baseado na procura da autarquía económica e o engrandecemento da Alemaña. Para isto potenciarase a industria de armamentos, as obras públicas e establecerase o servizo militar obrigatorio. Porén, a escaseza de materias primas facía imprescindible a anexión e a conquista de novos territorios. Todo isto fixo saltar polos aires o Tratado de Versalles e foi progresivamente asentando o camiño cara á II Guerra Mundial.



## EXERCICIOS

---

### Exercicio 7

Di se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas. En caso de seren falsas, debes corrixilas.

- a) Hitler chegou ao poder grazas ao *putsch de Múnic*.
- b) O nazismo considera que os xudeus son unha raza superior.
- c) Segundo as ideas de Hitler, o espazo vital da Alemaña está no sur de Europa.
- d) Hitler eliminou os membros do seu partido que podían facerlle sombra na *Noite dos coitelos longos*.

### Exercicio 8

Os nazis defenden...

- Que todas as razas son iguais.
- Que hai que manter as razas puras evitando as mesturas.
- Que os pobos eslavos son superhomes.
- Todas son correctas.



## SOLUCIÓNS

---

### Exercicio 1

Cal foi a causa da extensión dos sistemas democráticos por Europa despois da I Guerra Mundial?

- e) As crises económicas.
- f) A Revolución Rusa.
- g) **A desaparición dos réximes autoritarios.**
- h) O nacionalismo exacerbado.

### Exercicio 2

Nomea cales son os elementos que teñen en común os réximes totalitarios que xorden no período de Entreguerras.

- Sometemento do individuo ao Estado.
- Culto a un líder ao cal se considera infalible.
- Existencia dun partido único onde encadrar a poboación.
- Dura represión dos que pensan distinto.
- Control da economía por parte do estado.

### Exercicio 3

Di se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas. En caso de seren falsas, debes corrixilas.

- a) Falso. Stalin defende a construción do socialismo nun só país.
- b) Verdadeiro.
- c) Falso. A cultura é considerada un elemento clave dentro da propaganda stalinista.
- d) Falso. O modelo soviético baseaba o seu desenvolvemento industrial na industria pesada e de armamento.

### Exercicio 4

Explica brevemente en que consistía o culto á personalidade dentro do sistema stalinista.

A propaganda enxalza a figura de Stalin considerándoo como benfeitor e protector do pobo e garante dos logros revolucionarios.



### Exercicio 5

- a) Verdadeiro.
- b) Falso. Non todos os individuos son iguais. A sociedade debe organizarse xerarquicamente entre os superiores que mandan e os inferiores que obedecen.
- c) Verdadeiro.
- d) Falso. Toda mostra de oposición é fortemente reprimida a través da violencia.

### Exercicio 6

Defensa da autarquía económica. O Estado debe intervir na economía favorecendo os intereses dos empresarios amigos do réxime. O obxectivo fundamental é producir por si mesmo todo o necesario sen necesidade de mercar nada no estranxeiro, conseguindo así a autosuficiencia económica.

### Exercicio 7

Di se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas. En caso de seren falsas, debes corrixilas.

- a) Falso. Hitler chegou seguindo métodos legais.
- b) Falso. O nazismo considera que os arios son unha raza superior e a xudía é a máis decadente das razas humanas.
- c) Falso. Segundo as ideas de Hitler, o espazo vital da Alemaña está no leste de Europa.
- d) Verdadeiro.